XUNTA DE GALICIA

galicia

**Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación eléctrica no concello de Cambados (expediente IN407A 2023/116-4).**

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico e no Título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e de declaración de utilidade pública, en concreto, e a urxente ocupación que leva implícita da instalación eléctrica que se describe:

- **Solicitante:** UFD Distribución Electricidad S.A.

- **Enderezo Social**: Avenida América, 38, 28028 Madrid.

- **Denominación:** LMTS CBD808, CT Bouciña e substitución CTI Covas de Lobos por CTC.

- **Situación:** Cambados.

- **Descricións Técnicas:**
  Liña media tensión subterránea (LMTS) a 20 kV, con condutor RHZ1, en dúas actuacións. A primeira é de 189 metros de lonxitude, con orixe no apoio proxectado C-2000/14, mediante un paso aéreo subterráneo, e final no centro de transformación (CT) proxectado 1, que substitúe ao centro de transformación Covas de Lobos 36AI92. A segunda é de 329 metros de lonxitude, con orixe no centro de transformación proxectado 1 e final no centro de transformación 2 proxectado.
  Retensado do van contiguo ao apoio proxectado C-2000/14.
  Centro de transformación 1 compacto, a 250 kVA con R.T. 20 kV/400 V, situado na parcela con referencia catastral 36006A024005450000OS, no lugar Covas de Lobos, fronte ao nº 66.

CVE: DHnrJzEygiV1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Xefatura Territorial
Servizo de Enerxía e Minas
Avda. María Victoria Moreno 43, 5º
36003 Pontevedra
T. +34 986 805 237
xt.ceei.po@xunta.gal

Centro de transformación 2 compacto, a 250 kVA con R.T. 20 kV/400 V, situado na parcela con referencia catastral 7866923NH1076N0001BL, no lugar de Bouciña nº 26(B).
A instalación está situada en Covas de Lobos, parroquia de Vilariño, no municipio de Cambados (Pontevedra).

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se van expropiar figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, avenida María Victoria Moreno 43, 36003 Pontevedra, no prazo máximo de trinta días, a partir da última publicación ou notificación individual.

O proxecto encóntrase a disposición do público para a súa consulta no portal da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (http://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica) durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Durante o dito período calquera persoa poderá achegar, por escrito, os datos oportunos para rectificar posibles erros na relación de persoas, bens e dereitos afectados, así como formular as posibles alegacións por razón do disposto no artigo 145 do Real decreto 1955/2000 anteriormente citado.

Pontevedra, asinado dixitalmente

A xefa territorial
Beatriz López del Olmo

CVE: DHnrJzEygiV1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Xefatura Territorial
Servizo de Enerxía e Minas
Avda. María Victoria Moreno 43, 5º
36003 Pontevedra
T. +34 986 805 237
xt.ceei.po@xunta.gal

XUNTA DE GALICIA

galicia

## ANEXO

**Nº expediente:** IN407A 2023/116-4.
**Denominación:** LMTS CBD808, CT Bouciña e substitución CTI Covas de Lobos por CTC.
**Concello:** Cambados.

| Nº | Paraxe | Cultivo | Referencia Catastral | Titular | Apoio/CT | | Afeccións | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Nº | m² | ml aér. | ml sub. | m² aér. | m² sub. |
| 1 | Capitana | Rústico | 36006A024000840000OT | Constante Martínez Baúlo | 1 | 1,44 | | 2,87 | | 9,06 |
| 2 | Sereira | Rústico | 36006A024001020000OH | Óscar Núñez | | | 13,32 | | 30,89 | |
| 3 | Covas de Lobos | Rústico | 36006A024005450000OS | Manuel Padín Vieites | CT | 16,81 | | 3,58 | | 12,18 |
| 4 | Covas de Lobos | Urbana | 7866923NH1076N0001BL | Maruja Chaves Rey | CT | 16,81 | | 3,51 | | 14,06 |

Asinado por: LÓPEZ DEL OLMO, BEATRIZ
Cargo: Xefa Territorial
Data e hora: 27/03/2023 14:48:27

CVE: DHnrJzEygiV1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Xefatura Territorial
Servizo de Enerxía e Minas
Avda. María Victoria Moreno 43, 5º
36003 Pontevedra
T. +34 986 805 237
xt.ceei.po@xunta.gal